



MATERIA	Inglés 1ª Lingua Estranxeira
PROFESOR/A	Mariam Otero, Cristina Porteiro, Cristina Domínguez

Método de referencia: *Mosaic 4*, ed. OUP

CONTIDOS XERAIS DO CURSO		
Ao longo do curso	<p><b>B.1. Comprensión de textos orais.</b> Comprensión oral de textos en diferentes formatos e rexistros (instrucións de aula, mensaxes gravadas ou de viva voz, presentacións, conversas formais e informais, transaccións e xestións cotiás, entrevistas, vídeos...) identificando as ideas principais e información relevante e detallada.</p> <p><b>B.2. Produción de textos orais.</b> Planificación e execución de textos orais (produccións na aula, presentacións, conversa formal e informal, entrevista...) expresados con claridade e coherencia, empregando os recursos lingüísticos axeitados, cunha pronunciación clara.</p> <p><b>B.3. Comprensión de textos escritos.</b> Inferencia de significados nunha lectura de aula a partir de coñecementos previos. Comprensión de textos escritos en diferentes formatos ( parágrafo, resumo, reseña, material de consulta, instrucións, textos xornalísticos, páxinas web, foros en liña, blogs, correspondencia formal e informal, textos de ficción, ...) identificando a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes, e información específica.</p> <p><b>B.4. Produción de textos escritos.</b> Planificación e execución de textos escritos ( informes, notas, anuncios, resumos, reseñas, texto descritivo, texto narrativo, correspondencia formal e informal, compleción dun cuestionario persoal,...) ben estruturados, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación, vocabulario e recursos lingüísticos axeitados, e cunha presentación coidada .</p>	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS ESPECÍFICOS DE CADA UNIDADE		
1ª AVALIACIÓN	Unidade 0	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario relacionado coa tecnoloxía, actividades de tempo libre , saúde e aptitude física. As compras. Modais e semimodais. <i>Present Simple, Present Continuous, Past Simple, Present Perfect Simple.</i>
	Unidade 1	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario para describir personalidade. Expresións con <i>get e make</i> . Conectores: <i>so, basically, I mean, anyway.</i> <i>Past Simple, Past Continuous, Used to; when, while, just when, used to, be used to, get used to; Present Perfect Simple , Present Perfect Continuous.</i> <b>Pronunciación.</b> Os sons / æ / e / ʌ /
	Unidade 2	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario relacionado cos anuncios e a publicidade, as compras. Adxectivos compostos. Cualidades persoais. Profesións. <i>Past Simple, Past Perfect Simple</i> . Adverbios de actitude. Intensificadores. Cuantificadores. <b>Pronunciación.</b> O acento na palabra.
2ª AVALIACIÓN	Unidade 3	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario relacionado coas tecnoloxías. Verbos . Formación de substantivos. A voz pasiva. Pronomes reflexivos e recíprocos. <b>Pronunciación.</b> Os sons /ɔ:/ e /ɜ:/.
	Unidade 4	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Phrasal verbs. Vocabulario relacionado co estado de ánimo, lesións deportivas. Os catro tipos de oracións condicionais. <i>I wish , If only.</i> <b>Pronunciación.</b> O acento na palabra .
	Unidade 5	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario relacionado ca informática e o mundo dixital. Phrasal verbs con "up". False friends: <i>currently, actually.</i> Maneiras de comportamento. Normas sociais. Estructuras interrogativas. <i>Gerund and infinitive.</i> Verbos modais para expresar dedución e posibilidade. <b>Pronunciación.</b> O acento cos verbos preposicionais.

<b>3ª AVALIACIÓN</b>	Unidade 6	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Vocabulario relacionado co entretemento e a realización dunha película. <i>Reporting verbs</i> . Adxectivos para a reseña dun libro. O estilo indirecto. Preposicións. Expresións adverbiais. <b>Pronunciación.</b> Os sons /θ/ e /ð/.
	Unidade 7	<b>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Verbos preposicionais relacionados coas viaxes. Nomes para falar do tempo atmosférico. Frases feitas. Vocabulario relacionado con regras deportivas. Os futuros. Expresións de futuro. <i>Future continuous, future perfect</i> . Comparativos e superlativos. <b>Pronunciación.</b> A entoación.
	Unidade 8	<b>B.5. Lingua.Vocabulario e gramática.</b> Expresións idiomáticas con <i>have</i> e <i>take</i> . Nomes abstractos. Verbos preposicionais con <i>look</i> . Sentimentos e cualidades positivas e negativas. Nomes colectivos. As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os determinantes. Os pronomes indefinidos. <b>Pronunciación.</b> O son / w /.

## LECTURAS

O alumnado terá que ler polo menos un libro de lectura durante o curso. O/A profesor/a de cada grupo decidirá as lecturas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Resultado das probas obxectivas por avaliación e / ou finais
2. Resultados das tarefas encomendadas
3. Resultados da observación directa na aula

Realizaranse probas escritas, de listening e orais. O número de probas dependerá do criterio do profesor e das necesidades do alumnado, pero haberá polo menos unha proba escrita en cada período de avaliación, un listening e unha proba / presentación oral. O contido da proba escrita, principalmente, será a materia obxecto de estudo durante ese período, máis a materia obxecto de exame en anteriores períodos. O alumnado realizará con regularidade exercicios de redacción ( Writing ) relativos ás unidades aprendidas, ademais de ter unha ou máis probas de expresión escrita, que se realizarán na aula.

Os libros de lectura serán avaliados ben por medio dunha proba escrita, dunha proba oral ou dun traballo.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
a) PROBA ESCRITA: coñecementos lingüísticos (gramática, vocabulario, funcións)	40%
b) READING / READER (comprensión lectora / libro de lectura)	10%
c) WRITING (expresión escrita)	20%
d) LISTENING (comprensión oral)	10%
e) SPEAKING (expresión oral)	10%
f) *TRABALLO DO ALUMNO	10%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
*Para calcular a nota do apartado de traballo do alumno teranse en conta os seguintes aspectos: Realización de exercicios e traballos de clase, realización de tarefas encomendadas para casa ou na aula, uso do inglés o máis posible, corrección dos erros, participación na aula, nos traballos de grupo, puntualidade e asistencia a clase co material requerido (libros, caderno...), interese e adicación á materia, puntualidade na entrega de traballos.	

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### Por periodo de avaliación:

Para obter avaliación positiva é necesario acadar un mínimo do 30% en cada unha das partes ou destrezas avaliadas ( Gramática e vocabulario, Listening, Reading, Writing e Speaking). Se isto se cumpre , obterán o aprobado en cada período de avaliación os alumnos que teñan unha media positiva das cualificacións obtidas nas diferentes probas, sempre que se aprecie unha evolución no alumno. Así mesmo, é obrigatorio que o alumno faga todas as probas tanto escritas coma orais que o profesor indique.

Obterá cualificación negativa, cunha nota máxima de **4**, todo o alumnado que non realice algunha das probas ou non alcance un mínimo de 30 % en cada destreza ou parte avaliada.

No caso de existir evidencia de que un alumno copiara un exame total ou parcialmente, o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta na nota de avaliación.

A asistencia dos alumnos ás probas datadas é obrigatoria e só se repetirán en caso de enfermidade ou deber inexcusable de carácter público. Todas estas circunstancias deberán estar debidamente documentadas.

### NOTA MEDIA XUÑO

Media ponderada: 20% da nota da 1ª avaliación + 30% da nota da 2ª avaliación + 50% da nota da 3ª avaliación

O alumno promocionará se obtén unha cualificación positiva de 5, unha vez calculada a media ponderada .

## PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

### Programa de reforzo

O programa para a atención ao alumnado con inglés pendente de cursos anteriores persegue a integración do alumno no grupo do curso actual. Neste grupo e curso instrumentaranse as medidas necesarias para a atención das necesidades do alumno. Por unha banda, farase un seguimento do alumno prestándolle especial atención , resolvendo dúbidas que lle poidan xurdir e esixíndolle esforzo e traballo diario. Por outra banda, proporcionaráselle ao alumno o material necesario para o correcto seguimento das actividades. Os profesores que no curso actual imparten a materia de inglés nos grupos nos que se atopen alumnos con inglés pendente de cursos anteriores proporcionaranlles bloques de exercicios de repaso correspondentes aos contidos do curso.

### Criterios de avaliación para superar a materia pendente

**É posible recuperar a materia pendente** aprobando os exames que se realizarán en cada trimestre e realizando as tarefas da aula virtual. A primeira proba, que se realizará no 1º trimestre, incluirá a primeira metade dos contidos do curso anterior. A proba do 2º trimestre incluirá todos os contidos da materia pendente.

No caso de non recuperar a materia pendente nestas dúas avaliacións, o alumnado que teña inglés pendente de cursos anteriores terá a oportunidade de facer un exame final no 3º trimestre.

Datas para a realización destas probas:

1ª Proba: Luns 14/11/2022 (11:20-12:10)

2ª Proba: Luns 13/02/2023 (11:20-12:10)

3ª Proba: Luns 24/04/2023 (11:20-12:10)

Cualificación: exame (70%)+ actividades de reforzo na aula virtual e traballo no curso actual (30%)